



Valedor  
do Pobo  
Galicia

D. Serafín J. González Prieto  
(Sociedade Galega de Historia Natural)  
e-mail: [sghn@sghn.org](mailto:sghn@sghn.org)

Expediente: C.6.Q/23993/14

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2015

Estimado Sr.:

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do seu escrito referente ao acceso a información en materia de medio ambiente.

Nesa queixa indicaba que, en nome e representación da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN), na súa calidade de presidente, expón que a Directiva 2003/4/CE do Parlamento Europeo e do Consello, a Lei 27/2006, e a Lei galega 1/1995, recoñecen o dereito de acceso á información en materia de medio ambiente. O 16-04-13 a SGHN solicitou á Dirección Xeral de Conservación da Natureza copia de todos os informes elaborados polos seus servizos en Santiago de Compostela e A Coruña a petición da Secretaría Xeral de Avaliación e Calidade Ambiental en relación co proxecto de mina de ouro de Corcoesto (envía copia). A SGHN nunca tivo resposta á súa solicitude. O 21-03-14 a SGHN solicitou á Dirección Xeral de Conservación da Natureza copia da documentación relativa á construción dun viveiro para a produción de plantas exóticas (arándano americano) e dunha granxa intensiva de porcos incluídos na súa totalidade no LIC Es 1110014 Serra do Careón, petición que a SGHN reiterou o 30-09-14 (envía copias). A SGHN nunca tivo resposta á súa solicitude, sinala. Reclama que o Valedor do Pobo dea amparo á petición da SGHN para que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas responda ás solicitudes de información presentadas.

Ante iso requirimos información á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, que xa nola remitiu. Nesta sinalase que “en relación ... ao proxecto da mina de ouro de Corcoesto, comunícolle que esta información foi enviada ao solicitante con data 09/02/2015. A relación da información enviada foi a seguinte: 1. Informe elaborado polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña a petición da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Data do informe 18 de xullo de 2012. 2. Oficio da Dirección Xeral de Conservación da Natureza requirindo un informe ao Servizo de Conservación da Natureza da Coruña que presente maior detalle en algúns aspectos. Data do oficio 23 de agosto de

2012. 3. Informe elaborado polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña a petición da Dirección Xeral de Conservación da Natureza. Data do informe 24 de setembro de 2012.  
4. Informe da Dirección Xeral de Conservación da Natureza emitido o 24 de outubro de 2012.

En relación coa solicitude relativa á construción dun viveiro para a produción de plantas exóticas e dunha granxa intensiva de porcos no LIC Serra do Careón “a dita documentación foi enviada ao solicitante con data 09/02/2015. No caso do viveiro para a produción de plantas exóticas (arándano americano), a relación da información enviada foi a seguinte: 1. Proxecto de produción de arándanos en Galicia, redactado por Abel Gutiérrez Sánchez. Data de setembro de 2012. 2. Informe elaborado polo servizo de Conservación da Natureza da Coruña sobre autorización de plantación en rede Natura (0771/2012). Data do 2 de novembro de 2012. 3. Escrito de resolución de autorización asinada polo xefe territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Coruña. Data do 5 de novembro de 2012. No caso da granxa intensiva de porcos incluídos na súa totalidade no LIC ES1110014 Serra do Careón a información enviada foi a seguinte: 1. Proxecto de construción da nave de porcino e fosa de purín. 2. Resolución emitida polo Servizo de Urbanismo da Coruña sobre a solicitude de autorización da Comunidade Autónoma en solo rústico para a construción dunha nave de porcino no concello de Toques (2012/1007). Data do 26 de setembro de 2012. 3. Certificación do concello de Toques de adopción de acordo sobre a solicitude de licenza de obras de David Prieto Rodríguez. Data do 4 de outubro de 2012. 4. Oficio de remisión de expediente a efectos de autorización do concello de Toques. Data do 4 de novembro de 2013. 5. Informe elaborado polo servizo de Conservación da Natureza da Coruña, sobre a autorización para a construción de nave de porcino e fosa de purín en rede Natura. Data do 25 de novembro de 2013. 6. Proposta de resolución emitida polo servizo de Conservación da Natureza da Coruña, para a construción dunha nave de porcino e fosa de purín en rede Natura. Data do 5 de novembro de 2013. 7. Resolución emitida pola dirección xeral de Conservación da Natureza, para a construción dunha nave de porcino e fosa de purín en rede Natura. Data do 14 de xaneiro de 2014. Sen prexuízo do dereito de acceso á información en materia de medio ambiente recollido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, cómpre subliñar que a Dirección Xeral non dispón do expediente completo, que estará en poder do órgano substantivo, é dicir aquel que ostenta as competencias sobre a actividade a cuxa finalidade se orienta o proxecto. Ademais no proxecto da mina de Corcoesto, tal e como se indica na propia solicitude foi sometido ao trámite de avaliación de impacto ambiental que inclúe entre os seus trámites a información pública do proxecto”.

Tras a investigación realizada, na que se avaliou o contido da súa queixa e o exposto no informe da consellería, dedúcese que esta confirma o expresado por vostede, isto é, que as preceptivas respostas polas que se interesaba na queixa estaban moi demoradas, posto que

se sobrepasaran con creces os prazos previstos pola lei 27/2006. Iso sucede frecuentemente, tal e como vemos subliñando nos diferentes informes que diriximos ao Parlamento de Galicia xunto coa reclamación de que as administracións rectifiquen esta mala praxe e se fagan as entregas no prazo dun mes e en formatos adecuados, preferentemente o electrónico. En calquera caso, nos tres casos que coñecemos en razón da súa queixa agora xa se proporcionou a información, aínda que coa deficiencia temporal comentada, o que se tratará criticamente no próximo informe que dirixamos ao Parlamento. Porén, se observara que a información dada non se corresponden co pedido, entón pode acudir novamente a esta institución.

Procedemos á conclusión do expediente promovido por vostede, sen prexuízo de reabrilo ante novos datos ou criterios, tal e como tivemos ocasión de indicarlle.

Agradézolle a confianza que nos demostrou e saúdoo atentamente,



José Julio Fernández Rodríguez  
Valedor do Pobo (en funcións)